

Ó PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 05/2022 _ (EXT. 05/22 e SUP.05/22).

PROPOSTA DE ACORDO

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros, suplementos de créditos (SUP.05/22), por importe de 111.797,50 euros e modificación das bases de execución”.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 05/22), parte con baixas por anulación da aplicación 22/923.1623.479.01, polo importe de 1.500.000,00€, con destino ao financiamento das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos bioresiduos municipais, ao tratarse de investimentos na aplicación 22/923.1623.779.01; o resto dos créditos extraordinarios expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.
- Os suplementos de créditos (SUP. 05/22), na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 1 de setembro de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2022.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2022 da Deputación de Pontevedra, este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros, suplementos de créditos (SUP.05/22) por importe de 111.797,50 euros, e baixas por anulación que os financian por importe dos créditos extraordinarios na cantidade de 1.500.000,00 euros . O Detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios "EXT. 05/22":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240.2428.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	28.689,00 €
240.2428.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.863,60 €
240.2428.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	6.218,24 €
240.2428.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	618,24 €
240.2428.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.264,00 €
240.2428.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.264,00 €
240.2428.160.00	Seguridade Social (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	9.945,60 €
240.2428.224.03	Primas de seguros (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	17.600,00 €
240.2428.226.02	Publicidade e propaganda (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.000,00 €
240.2428.226.99	Outros gastos diversos (Practicum Depo 2020) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	4.000,00 €
240.2428.227.06	Estudios e traballos técnicos (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	44.480,00 €
240.2428.230.20	Axudas de custo (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.254,40 €
240.2428.231.20	Locomoción (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.481,92 €
240.2428.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1,00 €
330-3344-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (CONNECTA LAB)_CULTURA	6.000,00 €
330-3344-226,06	XORDADAS, REUNIÓN, COFERENCIAS E CURSOS (CONNECTA LAB)_CULTURA	35.040,00 €
330-3344-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (CONNECTA LAB)_CULTURA	2.000,00 €
457-4500-204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _ARQUITECTURA (Reting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
923-1623-779.01	AO SECTOR PRIMARIO, INVESTIMENTOS PARA AGRO-COMPOSTAXE _SAIM	1.500.000,00 €
924-9200-204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Reting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
926-9260-204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _NOVAS TECNOLOXÍAS (Reting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
942-9427-462,97	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIA POLA SECA _COOPERACIÓN (Gasto corrente)	1.500.000,00 €
942-9427-762,97	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIA POLA SECA _COOPERACIÓN (Investimentos)	1.500.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	4.705.208,00 €



Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 05/22:

- A) Con baixas da aplicación 22/923.1623.479.01, polo importe total de 1.500.000,00€, con destino ao financiamento das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos bioresiduos municipais, ao tratarse de investimentos imputaranse na aplicación 22/923.1623.779.01.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
923-1623-479.01	AO SECTOR PRIMARIO, XESTIÓN DE RESIDUOS_SAIM	-1.500.000,00 €
	Total...	-1.500.000,00 €

- B) As demais proposta de Créditos extraordinarios do expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	3.205.208,00 €
	Total ingresos...	3.205.208,00 €

2. Suplemento de Crédito "SUP. 05/22":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
250.2315.480.01	ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XÉNERO_IGUALDADE, [READ . Red Española de Asociacións de Deseño (G98401250): proxecto " GEN, Transitar ao impensable"]	11.797,50 €
330-3340-226,29	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA PONTEGAL_CULTURA	100.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	111.797,50 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 05/22:

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...</i>	111.797,50 €
	TOTAL...	111.797,50 €



Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	4.705.208,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS...	111.797,50 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.500.000,00 €
SUMA...	3.317.005,50 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º Gastos de persoal.....	85.862,68 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.....	219.344,32 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.....	11.798,50 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.....	3.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	3.317.005,50 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo e modificando como subvención nominativa do Servizo de Igualdade, a seguinte:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/250.2315.480.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XENERO_IGUALDADE	292.297,50 €	
G-98401250	READ. "Red Española de Asociaciones de Diseño".	11.797,50 €	PROXECTO: "GEN. Transitando ao impensable"

4. Modificación das bases de execución, engadindo a "Disposición adicional V. Contabilización do "Plan de emerxencia pola seca - 2022", co seguinte detalle:

O plan conta coas seguintes liñas de subvencións para os Concellos e/ou Entidades beneficiarias que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións:

-22/942-9427-46x.xx Plan de emerxencia pola seca_22. "Gasto corrente".

-22/942-9427-76x.xx Plan de emerxencia pola seca_22. "Investimentos".

Para facilitar a xestión das liñas de acción do plan, de acordo coas súas bases reguladoras, establécense os seguintes procedementos:

- Por cada Concello ou Entidade beneficiaria abriase un proxecto de gastos que recolla os créditos que lle asine o plan, en cada unha das aplicacións orzamentarias.



- De acordo coa regra 23 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, os créditos asinados a cada proxecto serán vinculantes en si mesmos, creándose unha bolsa de vinculación xurídica entre as aplicacións do plan, xa detalladas, que serán vinculantes entre si por cada proxecto.

Por outra parte, antes de rematar o exercicio orzamentario, verificarase que a aplicación da vinculación xurídica sinalada, non suporá unha distorsión entre os créditos asignados en cada capítulo, para o conxunto do plan, e os gastos realizados ou comprometidos. No caso de que os gastos comprometidos ou realizados por capítulos fose superior á súa dotación económica, tramitaranse as correspondentes modificacións orzamentarias, para que na liquidación a 31/12/2022, a información orzamentaria sexa coherente para cada un dos capítulos afectados.

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros e suplementos de créditos (SUP.05/22) por importe de 111.797,50 euros, mais as modificacións das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

Non obstante o Pleno resolverá

Asinado dixitalmente ao marxe.

